

Misterio sen resolver

Chámome Eva e teño catorce anos. Vivo nun pobo pequeno chamado Vilamariz, unha terra preciosa.. Dende a miña casa vese o bosque máis famoso da comarca. "O bosque do lobo". Del relátanse moitas lendas, pero ningunha boa.

-¡Eva!, ¡Eva! – (óese polo fondo)

-Dime avó.

-¿Que é o que andas a facer no faiado?

-Ando a buscar un libro de contos.

-Baixa aquí agora mesmo.

-¡Vou!

Eu dispoñíame a saír cando atopei no chan un papel vello, coas esquinas dobradas, no que case non se descifraba o seu contido. parecía un documento moi antigo.

Limpeille un pouco o po e na esquina dereita poñía: 14 de setembro de 1497.

Empecei a ler con grande entusiasmo.

14 de setembro de 1497

Ruídos eternos, pantasmas por todos os lados, medo na cara de tódolos habitantes...

Somos dez persoas e imos diminuindo a medida do paso dos días. estamos encerrados, sen ningún a quen acudir, nunha casa enorme con máis ou menos trinta ventás. o único que nos rodea é un bosque... un inmenso bosque... no cal nin me atrevo a pensar.

¡Din don dun! A comida. ¿Por que a anunciaban sempre como se estivesemos nunha competición de cabalos?

Reunímonos todos na sada do comedor. En todos había cara de amargura, con olleiras pronunciadas, e o único que nos consolaba era que ó acabar o mes íamos recibir uns cantos

pesos.

Eu quedei asombrada ante o que acababa de ler. ¿Que era isto? Era a única pregunta que atravesaba continuamente a miña mente.

-¡Eva! ¿Non che dixeran que baixases? Tes a túa amiga rosa esperándote.

-Dille que me atopo mal. Non quero ver a ninguén.

Soamente quería continuar ese... ¿diario?

Todos nos mirabamos con olladas de sospeita cara ós demais. Dúas persoas xa morreran. ¿Quen era o responsable?

Ceamos. Eu fun con xoán dar un paseo polo xardín, mentres que algúns dos outros compañeiros acababan de recoller a mesa ou decidían a esperar pola xuntanza que sería dentro dunha hora.

Era a hora.. Xoán subiu comigo ó lugar indicado. Felipe estaba só no cuarto. Parecía dormido. Tiña na súa man a súa acostumada copa de viño tinto. Fomos ata alí e tocámoslle no ombro. Non espertaba. Eu empecei a berrar coma unha tola., pero tamén era verdade que aquilo tiña certa similitude cunha casa de tolos. Non podía crer o que estaba a pasar. Diante miña tiña outra vítima máis daquel bruto. Entre todos enterramos o seu corpo no xardín, próximo ó bosque veciño.

Cando acabamos, fomos para a cama; pero antes eu debería tomar uns tranquilizantes. fun ó primeiro caixón do chineiro e alí os atopei. Era como se alguén tivese previsto que os íamos necesitar. sentíame vixiada, observada, controlada.

Cando pasei polo corredor, vin a xosé lois rindo, pensativo. a partir dese momento sospeitei del e para min foi o meu punto de mira.

Despedínme dos meus veciños e entrei na miña habitación. Pechei o ferrollo e metínme entre as sabas.

Eran as oito e media. Decidín baixar almorzar e alí xa estaban catro persoas máis. Algo comentaban. Entrei na conversa e des-

cubrín que xosé lois morrera. de novo impactada, levanteime da cadeira e...

-¡Flora! ¡Asasina! ¡Acabóuseche o xogo! ¡Descubrímoste!

-¿Descubrir o que?-dixen eu case sen poder falar.

¿Flora? - dicía Xoán

-¿Si Flora?- dicía Manolo. Atopámoslle unha pistola no seu dormitorio.

-¿Que? - dicía eu.

-¡Si! - acabóuseche o xogo. Xosé Lois morreu dun disparo na cabeza.

Eu preguntábame como era que lle dispararan e ninguén oíra o ruído.

Alguén me colocara a pistola. Eu era inocente e podía demostralo.

Xoán, o meu defensor aquí dentro, comentou as súas teorías sobre a miña inocencia.

-¿Como é que foi ela se eu dormín a carón súa e podo testificar que ela non se moveu do cuarto?

¿Como que durmiches con ela? - dixeron os demais a coro.

-Non durmín con ela, durmín na butaca.

Acabárase a discusión. Todos deron por feito de que agora se enfrontaban a nós, que xa eramos dous.

Non entendía por qué Xoán me defendía con ese interese. Todo o que contara fora mentira. ¿Sería el o culpable de tódalas mortes?

Non, imposible. Iso non pode ser.

todo o día transcurriu con normalidade. ceamos e carlota, unha muller duns trinta e cinco anos, empezou a tusir, como se se atragantase. era improbable. estabamos comendo sopa. ¿que pasara? carlota asfixiárase. ¿pero con que?

santiago era médico, o médico máis prestixioso de toda galicia.. despois dunhas horas, díxonos que a sopa contiña veneno, un veneno moi poderoso, mortal no instante de probalo.

soamente quedáramos xoán, santiago, francisco, magdalena e

mais eu.

un de nós era o asasino. pero a pregunta do millón era. ¿quen? eu non, dende logo. pero os outros non pensaban o mesmo.

un día máis esperábanos. cada vez dubidaba máis que dese sobrevivido a este pesadelo.

oxalá iso fose. ¿quen me dera!

-¡Eva!. É hora de cear.

-¿Xa? Meu deus, como se me pasou o tempo. Xa eran as sete e media. A min non me apetecía moito, a verdade, pero había que ser precavida, non fose que alguén se decatase do meu propósito de seguir lendo. Era, como quen di, unha misión de alto risco.

Cheguei á mesa e non podía parar de pensar naquela historia. Imaxinábame eu no comedor da casa maldita, entre aqueles alonxados individuos. Pero o que non entendía era qué facían aquelas follas no noso faiado.

¿Acaso a casa do diario e mais esta casa eran absolutamente as mesmas?

A miña mente non quería aceptar o que quizais fose a realidade; o meu corpo non paraba de tremer, o estómago retorcíase de dor, era unha situación de inquietude, nerviosismo...

¿Que era o que me pasaba?

Marchei da cociña, subín as escaleiras e dirixínme de novo ó faiado. Seguí a ler.

Abrín o ferrollo da habitación, o que produciu un ruído tormento, e xa vin a xoán e magdalena esperándome para almorzar.

-¡Bos días!. ¿Que tal durmistes? - dixeran eu con cara algo máis alegre do normal.

-Nós ben, pero creo que houbo unha noite movidiña.

-¿Movidiña? ¿Por que o dis?

-Faltan os outro dous homes.

-¿Que?

-Si - díxo xoán. a situación empeora. un de nós é...ou...¿Pode haber alguén na casa?

cousas e fun para a antiga habitación de francisco. Durmín aquí e ás oito e media levanteime.

¡Acabárase! ¡Non había máis historia!. ¿Que fora de Xoán e Flora? Busquei por todos os recunchos do faiado pero nada. Nin rastro. Pensei un pouco e decidín mirar na maceira da historia, da que Xoán comera a mazá aquela tarde. Meu avó preguntábame qué me pasaba, que levaba uns días moi rara.

En toda esa semana non saín do arredor da árbore. Aínda que se en seiscientos anos tivese permanecido alí a miña intriga, ¿por que había desaparecer en dous días? - pensaba eu.

Por iso, unha mañá que quedara eu soa na casa, decidín mirar. Despois dunhas horas atopei algo. Na árbore estaban escritas algunhas letras, aínda que non era doado de descifrar.

Á media hora conseguira isto:

¡Por fin alguén me atopou! ¡Xa era hora!

Se queres saber o final, tes que mirar no tellado da forxa.

Corrín e mirei todas as tellas. non había nada. Quizais non mirara ben. Volvín facelo pero nada.

Acordeime de repente de que o tellado desa forxa fora renovado había uns cinco anos.

Todo se acabara. Nunca se saberá o final.

Alba Bouso Gallo. 4º e.s.o.

Unha verdade casual

Por uns instantes lembrei o que xa había días dixeran un escritor americano na tele: Quen sabe non fala, quen fala non sabe. Acostumarme á nova vila facíase-me cada vez máis difícil. O traballo de mamá requería mudarnos cada certo tempo para un novo lugar, e a idea de desfacer e volver a atopar novas amizades era un reto que cada vez tiña o listón máis alto. No meu escritorio non atopaba a concentración para o exame de literatura do día seguinte. Era unha tarde fría de novembro, na que só apetecía descansar. Tumbéime encima da cama e vin unha pequena mancha de humidade. ¿Levaría alí moito tempo? Xunto a ela atopábase unha faia. Alugaramos unha pequena casa a uns dez minutos da vila, un pequeno barrio no que durante todo o día reinaba a paz e a tranquilidade. Mamá era nai solteira, era a miña heroína, xa que non coñecía a unha persoa que fora capaz de ter tempo para o seu traballo, facelo ben, e preocuparse pola súa filla, que ó fin e ó cabo era o único que tiña. O seu irmán Santiago pasaba todo o tempo cos seus negocios, indo e vindo dende Madrid ata A Coruña.

Esa tarde na que o ceo estaba moi gris e a choiva quería caer, sentía impotencia, sen ánimos. Por moito que o intentaba non daba memorizado os versos de Antonio Machado, e nisto soou o teléfono. Ó principio non recoñecía aquela voz. Era Marta, a miña compañeira de pupitre en matemáticas e física. Só me quería convidar a comer mañá ó mediodía, pois precisaba falar e eu sería a única que a escoitaría e que lle daría bos consellos. Por veces Marta era a miña heroína, aínda que días despois sería algo máis que iso. Tiña o pelo longo e negro acibeche e os ollos escuros; os rapaces toleaban por ela, pero sempre tiña os pés firmes na terra.

Mamá chegou do traballo, máis cansa do habitual. Non

me atrevín a preguntarlle qué lle pasaba. Preparou a cea dun xeito rápido e non tivemos a penas palabras.

Esa noite, a lúa estaba borrosa; sempre que se atopaba así cousas nada comúns ocorrían, mais non foi moita a importancia que lle dei. Na televisión botaban unha película de espías ingleses; non tiña mala pinta, aínda que só a vin comezar. Decateime do exame de literatura e despedínme daquela nai que aquela noite atopábase fría, sen ánimos, cun calado boas noites. Cheguei ó meu cuarto e tumbeime encima da cama, volvendo a observar a faia. Tirei da segunda gabeta da mesa e collín aquela foto que sempre miraba cando non tiña ánimos de nada. Fora sacada nunha praia en Marín seis anos atrás. Estaba en branco e negro e eu neses momentos sentíame sen cor, sen ánimos e identificábame coa foto, cunha nena que unha tarde soleada do mes de agosto xogaba na praia detrás das gaivotas e evitando que a auga lle mollara os pés.

Ó espertador, ó día seguinte, costoulle erguerme da cama. Collín uns vaqueiros e unha chaqueta vermella. Non ía frío, incluso o sol queríaase poñer entre aquelas nubes densas e brancas; a paisaxe da noite anterior desaparecera por completo. Mamá estábase amañando no servicio e a conversación que mantivemos foi do xeito que segue:

-Hoxe non vou vir xantar á casa, quedei con Marta, espero que non che importe- díxenlle con medo a que me botara un dos seus sermóns.

-Vale, eu tampouco podo vir. Teño que xantar cun cliente. Vémonos pola tarde ¿de acordo?

Nunca imaxinei que a súa reacción fose así e díxenlle:

-¿Déixasme cartos? Sempre que vou con Marta ó cine paga ela e hoxe tócame a min. Xa chos devolverei porque agora non teño solto...

Sabía que mamá nunca aceptaría os cartos que eu lle debese e iso en parte compensábame. Sacou o coche do garaxe e

deixoume na rúa perpendicular ó instituto, xa que había poucos días púxeran o sinal de dirección prohibido, exceptuando o autobús escolar. Chegaba a tempo para darlle unha pequena ollada ós apuntes de literatura. Ó pouco tempo chegou a profesora dando a nota cos seus traxes de cor rechamante (nesta ocasión vermella), tacóns que a facían máis alta e ese cheiro a perfume caro que case ninguén pode ter. O exame non era complicado a dicir verdade, ata ese momento non atopara ningún exame complexo e foime doado contestar ás dez preguntas propostas. O resto da mañá pasouseme nun abrir e pechar de ollos, e chegou a hora da saída. Marta esperoume ó pé da porta e xuntas dirixímonos ata un bar de pratos combinados. O camareiro atendeunos amablemente e a cara de Marta cambiou dun xeito radical, poñéndose preocupada e cunha mirada intrigante. Da súa carteira sacou unhas fotos, algúns documentos e mil miradas de sensible e perdida. Comezou o seu breve e inesperado discurso:

-Como sabes, nesta cruel vida non todo é marabilloso. Non sei se algunha vez che mencionei a desgracia que tiveron ó ser nena. Segundo me contou meu pai, miña nai morreu cando eu tiña tres anos e son poucos os recordos e detalles que teño dela.

Calou durante uns minutos, ó mesmo tempo que o camareiro nos poñía a comida, e tras beber a metade do vaso do seu refresco, seguiu:

- Onte pola tarde, estiven no faiado e atopei unhas caixas cheas de po, que exteriormente parecían inservíbles, mais aínda hoxe creo que son a mellor e ó mesmo tempo a peor nova que me puideron dar en moito tempo. Alí, atopei estas fotos de cando eu era un bebé e miña nai tífame en brazos. Esta foi sacada no parque.

Acercouma, e non daba crédito ó que vía. Eu sen comentarlle nada, seguí prestándolle atención:

-Seguí buscando nesa caixa e atopei uns vellos papeis, cartas, e unha delas di así:

Ola Miguel, ¿como se atopa Marta? Espero que ben; non te es-

quezas de darlle tódalas noites o xarope para o problema dos oídos. Rosalía, atópase mellor que nunca, preguntando polo seu pai milleiras de veces. Agora atopamos un pequeno piso en Verín e non nos podemos queixar, pois todo o mundo nos trata moi ben. Sinto separarme de ti, desa filla que tamén é miña e eu espero que ti tamén sintalo mesmo. É mellor que elas nunca saiban nada, polo seu ben, porque merecen ser felices. Téñote que deixar, pero seguirás tendo novas miñas. Saúdos.

O corazón latía, e quería saír do peito. Un gran lío estaba formado na miña cabeza: Marta e eu eramos irmás, pero nosos pais separáranos de pequenas dicíndolle a ela que a súa nai morrera e a min que era filla de nai solteira. -Eres lista de máis- díxome cos ollos cheos de auga- e saberás todo. A resolución da miña sospeita chegou onte á tarde cando lín o titular da póliza dun coche que caducara no 1994 e aparecía o nome da túa nai. E agora, que xa sabemos todo ¿ti que pensas facer?

-Loitar contra a realidade, unha realidade que estivo na escuridade moito tempo e agora precisa saír e ver a luz do sol.

Chamei ó camareiro para que me trouxera a conta e pagueille, deixei uns céntimos de propina. Marta díxome que se lle fixera tarde e notei no seu rostro alivio e dor, impotencia e bondade que co paso do tempo, de moito tempo sería auga pasada. Eu fun ata un vello parque que tiña dous bancos; senteime nun deles e deixei que a suave brisa que corría me rozara o rostro e ó mesmo tempo pensei o que lle diría a esa nai que me recibiría como cada tarde, con total normalidade e cada vez que eu lle sacara o tema do meu "suposto" pai diría que non era o momento máis axeitado que eu pouco a pouco iría comprendendo as cousas. Non me enfadaría con ela; ademais de ser a miña nai, a miña heroína, era a miña mellor amiga e aliada, que pola actitude que mantiña ultimamente debería prever o ocorrido. Tan só lle pediría unha explicación, un motivo do seu silencio durante tanto tempo. Sería un mal pesadelo, un pasado escuro, pero antes que todos eses motivos, estaba

o clave: a realidade, dura e incambiable, pero digna de coñecer. Considereina outro ser humano máis, con tódalas súas virtudes e defectos que, con tódalas cualidades de boa compañeira, merecía unha oportunidade máis. Alegrábame por Marta, porque sabía que a súa nai non morrera e que a podía ver en calquera momento. Así mesmo fixen eu co meu pai; nin sequera tiña idea de se era con barba, bigote,...

*Decidín esquecer eses pensamentos, porque naqueles momentos eran nulos: máis tarde xa inventaría a súa cara, e imaxinaríamo como un famoso actor, aínda que despois me levase un disgusto. Deixei o parque e aquela soidade que nel había e... pase-
niña regresei á casa.*

Patricia López López. 2º E.S.O.